

5º E 6º



Leticia Costas
Ed. Xerais

O Hotel Fantastique está no medio do Salvaxe Oeste. Nas súas cocinas a pequena Esmeraldina é feliz, aprendendo todos os trucos culinarios da man da súa avoa A Tremenda, unha chef de sona mundial. A vida avanza entre pucheiros ata que un andazo de febre escarlatina acaba coa vida da nena. A noticia da súa morte corre como a pólvora entre os habitantes do alén, e empezan a chegar ao hotel defuntos de todas as procedencias, dispostos a instalarse.

Khoedi, unha nena de dez anos, ten que deixar a súa casa de Casamence, unha rexión ao sur do Senegal, para instalarse en Vigo, a cidade onde o seu pai xa leva varios anos emigrado. Na nova terra, a vida é dura para Khoedi: non coñece a ninguén e todo lle resulta diferente. Está en Europa, mais a súa cabeza e o seu corazón continúan en África. O único lazo entre a nova realidade e o mundo que deixou atrás é a Lúa que brilla no ceo polas noites, que serve, ademais, para marcar o paso do tempo



Agustín
Fernández Paz
Ed. Xerais

O señor Willy Wonka, o xenio da fabricación de lambonadas, agachou cinco billetes dourados nos envoltorios das súas chokolatinas. Os que dean con eles poderán visitar a súa misteriosa fábrica, onde se elaboran as lambetadas máis sabedeiras que se poida imaxinar: xeados que nunca se derreten, caramelos eternos ...



Roald Dahl
Ed. Xerais

LIBROS PARA FAMILIAS

Malia todo o que se avanzou nos últimos anos en cuestión de igualdade entre homes e mulleres, queda aínda moito camiño por andar. E boa parte desa andaina ten que facerse dende o ámbito doméstico, dende as casas, dende a acción educativa das nais e dos pais. Non é un labor doado,



Ana Torres Jack
Ed. Galaxia



Gisela
Echeverría Castro
Ed. Diana

Hoxe en día, moitos pais están preocupados porque os seus fillos usan en exceso as novas tecnoloxías da información e a comunicación, o que os levou a preguntarse dúas cousas: como libralos da adición ao mundo virtual que os está levando a substituír a experiencia vital e a perder a súa capacidade social, e como evitar que se expoñan aos perigos da Rede. Non se trata de temerlle á tecnoloxía, de prohibila ou de absterse de usala. Trátase de que os pais lles ensinen aos seus fillos para ser consumidores críticos, a utilizar en forma positiva os novos medios para aproveitar as súas vantaxes, facer eleccións adecuadas e descartar as que consideren violentas, degradantes ou ofensivas



SUXESTIÓNS DE LECTURAS
E AGASALLOS DE LIBROS
PARA O NADAL 2016

Biblioteca CEIP "San Roque"

EDUCACIÓN INFANTIL



Rafael Ordóñez
Ed. Kalandraka



É un divertimento literario protagonizado por varios animais: o león, a pantera, a gacela, a galiña, a ra... a cada un antóxaselle unha froita e, percorrendo a sabana, buscan onde saciar o seu apetito. Trátase dun relato humorístico de estrutura acumulativa e repetitiva que establece un divertido xogo de palabras rimadas, polo que resulta especialmente indicado para ser contado a primeiros lectores.

É un libro de pequeno formato que segue a fórmula dos chamados contos sen fin. Un conto para contar, no que son fundamentais a rima e o ritmo, a partir dunha estrutura de oito sílabas, que se mantén ao longo de todo o relato. Malia a súa sinxeleza dende o punto de vista literario e artístico, este libro destaca polo "xogo" que dá cos nenos e nenas, que descubrirán con el a función lúdica da lectura. Porque pasando as páxinas ata o final e dándolle a volta ao conto...



Mon Daporta
Ed. Kalandraka



Anabel
Fernández Rey
Ed. Kalandraka

É un álbum ilustrado dirixido a pre-lectores e a primeiros lectores sobre a construción da amizade entre un neno e un oso: a priori, dous personaxes moi diferentes, pero que poden ser complementarios se se axudan mutuamente. Porque a amizade é, polo menos, cousa de dous: pedir e dar, non só no material, senón tamén no afectivo.

1º E 2º

Pinto & Chinto ofrécennos a súa peculiar versión dos contos clásicos de autores como Andersen, Perrault ou os irmáns Grimm e danlle unha reviravolta á súa maneira a O froutista de Hamelín, a Carrapuchiña Vermella, a Cincenta e moitos outros, poñéndonos un sorriso nos beizos.



Pinto & Chinto



Antonio Sandoval
Ed. Kalandraka

A importancia da educación ambiental, o contacto directo do alumnado coa natureza para a súa formación integral e o espírito colaborativo na comunidade educativa están presentes en "A árbore da escola" Achegarse a el, aloumiñar o seu tronco, regalo, darlle apertas, lerlle poemas... Ogallá a semente desta árbore viaxe a moitas escolas.



No 20º aniversario da gravación de "Canta connosco!", a edición conmemorativa en formato libro-cd-dvd recupera as cancións que fixeron cantar e bailar a moitas xeracións de rapaces. Unha ocasión para que a infancia de hoxe siga cantando e bailando con Migallas.



Migallas teatro
Ed. Kalandraka

3º E 4º



Antonio
García Teijeiro
Ed. Xerais

É un libro de poemas que forma parte da triloxía que se completa con "En la cuna del mar" e "Palabras do mar". Nestas tres obras o mar é o gran protagonista, un mar que ronca, que molla con poemas, que ten trenzas, que anda murcho, que chora por dentro e cala por fóra. Mares con ondas amarelas, con illas coma estrelas, mares de plumas que son de auga e mel, mares de tinta verde con barquiños de papel.

Xa sabemos que para escribir podemos utilizar lapis, bolígrafos, plumas, rotuladores, xiz... mais, que pasaría se tentásemos facelo cos primos dos lapis? Quen veñen sendo? O autor mergúllanos nun mundo de fantasía no que xoga a experimentar con novas formas de escritura.



José Antonio
Ramírez Lozano
Ed. Kalandraka

Grou, o Merlo Vello, ensínalles aos merliños máis novos todo aquilo canto deben saber para sobrevivir. Bulebule queda tan fascinada coa historia do Merlo Branco que cre ser ela a elixida para lle dar vida a ese merlo que ha traer outra época de felicidade a súa especie. Máis cando a Roda da Vida dá unha volta comprende que o Merlo Branco está en cada un, sen distinción de cal sexa a súa cor ou seu aspecto. O seu soño agora é ser unha Merla Vella para contarlle aos máis novos os segredos da Roda da Vida, que xira e xira e nunca detén o seu xirar.



Agustín
Fernández
Paz
Ed. Xerais